

## XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO

**Xosé Manuel Carballo Ferreiro**, nado en Goberno (Castro de Rei) en 1944 e falecido o 28 de outubro de 2017, foi un sacerdote, escritor, ilusionista e animador sociocultural galego.

Estudou no seminario de Mondoñedo e foi ordenado sacerdote en Vilanova de Lourenzá en 1966. Posteriormente pasou como formador ao Seminario de Mondoñedo. En setembro de 1973 foi nomeado párroco de Castro de Rei, Samil, Goberno e Balmonte. Impulsou a restauración das igrexas destas parroquias, e a realización de obras comunitarias. Tamén impartiu clases de relixión cando se abriu o colexio público “Ramón Falcón” de Castro de Rei e colaborou nas distintas actividades culturais e recreativas extraescolares. Dende 1985 formou parte do Equipo de Delegados de Catequese de Galicia e da Diocese de Mondoñedo, colaborando co uso normal do galego nas catequese.

Foi concelleiro independente en Castro de Rei, e colaborou no xornal *El Progreso*. Na radio colaboraba semanalmente con Cope de Lugo, Radio Nacional de España en Coruña, Radio Galega, Radio Principal de Vilalba e Monforte coa Cope de Vilalba. En televisión tivo un programa semanal durante tres anos nos comezos da Televisión de Lugo.

No campo relixioso, foi guionista e director dos vídeos: *Seguir a Xesús* (1994) e *Este é o meu Fillo*.

Escribiu obras narrativas como *Parábolas Chairegas*, 1981; ou de teatro como *Vaise pechar outra casa máis* (en colaboración con Xulio Pita).

Recibiu os premios Lucense do Ano en 1992, pola Asociación da Prensa e Fillo predilecto do concello de Castro de Rei en 2004.